



DEPORTE
GALEGO

OPEN SALMÓNIDOS ARTIFICIAIS (MODALIDADE LANCE)

COUTO DE OMBRE, RÍO EUME

7 DE SETEMBRO DO 2024

PROGRAMA

07:30 horas		Chegada dos participantes ao escenario da proba. Sorteo de dorsais e entrega de documentación
08:30	“	Inicio da 1ª manga
10:30	“	Finaliza a primeira fase. Cambio de pescador e control.
11:15	“	Inicio segunda fase
13:15	“	Fin da 1ª manga.

PAUSA

15:00	“	Inicio da 2ª manga
17:00	“	Finaliza a primeira fase. Cambio de pescador e control.
17:45	“	Inicio segunda fase
19:45	“	Fin da competición
20:00 a 20:15		Entrega de plicas

Publicación da clasificación e entrega de trofeos.

BASES

O deportista só poderá ter unha cana en acción de pesca. Non obstante, poderá dispoñer dunha ou máis canas de reposto.

Para a extracción da captura e a súa posterior presentación ao control, deberá facer uso dun redello ou trueiro, cuxa lonxitude totalmente estendida non supere os 122 cm. A rede desta, deberá ser de algodón ou outro material non abrasivo.



DEPORTE
GALEGO

A adxudicación dos tramos farase por sorteo, feito en tempo e forma, para garantir a chegada a tempo, para o inicio da proba, de tódolos deportistas aos seus respectivos tramos. Os postos marcaranse no sentido da corrente (augas abaixo).

A reunión do Pescador co Control farase xunto á táboa que sinale o inicio do tramo, augas abaixo.

Material permitido:

Canas: Libres, de uso comercial, cuxa lonxitude no exceda de 275 cm. (9 pés).

Carretes: De uso obrigatorio xa sexa manual ou automático de bobina fixa o xiratoria.

Sedelas: Libres en diámetro e composición, de monofiamento ou trenzadas e nos seus diferentes tipos e diámetros, agás metálicas ou chumbadas. Está prohibido engadir elementos á liña.

Baixos de liña: Non poden ter elementos adicionais adheridos aos mesmos.

Cebos: (Só enganos artificiais):

Permitido:

Un só cebo na liña ou baixo de liña.

O cebo estará equipado cun único anzol simple e desprovisto de arponciño ou rebaba, de maneira que non ofrezca ningunha resistencia ao desanzado.

Nos cebos brandos (vinilos) permitense os anzois con lastre (dentro ou fóra do vinilo).

Os peixes artificiais ríxidos só poderán levar un anzol simple e sen arponciño.

Culleriñas xiratorias ou ondeantes, en calquera das súas versións e modelos provistas dun so anzol, pero sen plumas, pelos, lá, etc.

Autorízase o uso dun pequeno esmerilón/quita voltas a una distancia discrecional do cebo.

Prohíbense os “streamer” e as moscas artificiais en calquera das súas formas e materiais.

Autorízanse as montaxes tipo “San Juan” cuxos corpos sexan exclusivamente de plásticos, siliconas ou semellantes. Non se autorizan os corpos de lá, seda, poliéster, etc, nin de pelos ou plumas.

Non se permite:

A pesca á deriva. A pesca debe facerse baixo o modo “lanzado”, a atracción sobre os peixes debe facerse co cebo e exclusivamente mediante o lanzado, movementos da cana e recuperación do carrete.

Ao longo da proba, calquera control pode pedir o exame dos aparellos de pesca dun pescador.



DEPORTE
GALEGO

Serán válidas tódalas capturas. As pezas que medidas dende a punta do fociño ata a punta do rabo teñan 16 ou menos centímetros, contarán todas coma de 16. As capturas que midan máis de 16 cm e non superen os 17 computarán coma de 17 cm. Os exemplares que superen os 17 cm, sen ter máis de 18, puntuarán coma de 18. E así sucesivamente.

O deportista que non se presente, ou abandone a proba ou a acción de pesca, antes da hora oficial, perderá o seu dereito á clasificación e a continuar na proba.

Para calquera outra norma non descrita nestas bases aterémonos ao que resolva o xuíz da competición ou o Comité da Proba.

Data linde da inscrición o 30 de agosto do 2024 ás 14,00 horas. As inscricións cómpre que os clubs as fagan exclusivamente ao correo delegadocoruna@fgpesca.org. Ao ser un Open haberá que achegar o xustificante do pago dos 20.- € por deportista no correo de inscrición.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

Os deportistas participantes, e os clubs polos que compitan, deberán estar ao corrente das súas obrigas coa Federación Galega de Pesca e Casting.

Na última manga do día tanto o deportista que pesque un tramo coma o deportista que o controle, serán responsables de recoller cintas e indicador do tramo. O que pesque ou controle o tramo un, serán responsables da retirada das cintas e indicadores de fin de tramos. Os que pesquen ou controlen o dous retirarán o un. Os que pesquen ou controlen o tres retirarán o dous. E así sucesivamente ata o último tramo, que deberán retirar cintas e indicador do seu tramo e do tramo inmediatamente superior. O material recollido debe ser entregado á organización xunto coas plicas. A quen incumpra esta obriga poráselle un cero nesa manga, tanto ao pescador coma ao control.

A organización non servirá nin fará servir ningunha sorte de avituallamento.

Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma.

Para que esta competición se desenvolva deberá de haber unha participación mínima de 12 deportistas.

Os deportistas terán un prazo de 30 minutos, a contar dende o remate da quenda de pesca, para enviar foto da plica ao número de teléfono que se lles indicará no momento do sorteo. Esgotado ese prazo sen recibir novas da plica, nesa quenda o deportista interesado puntuará cero.



DEPORTE
GALEGO

No tempo que os deportistas estean pescando ou controlando, non poderá acceder aos tramos ningunha outra persoa, teña ou non relación con eles, agás o xuíz e os membros da organización. Se algún dos dous (deportista ou control) se decatase da presenza de terceiras persoas no tramo de pesca, deberán facelo constar na plica como incidencia. De non facelo así e a organización ter probas fidedignas de que houbo outras persoas no tramo mentres se desenvolvía a manga, quedarán fóra da clasificación desa proba tanto o deportista coma o control.

Os dous primeiros deportistas da clasificación final, formarán parte da selección que represente a Galicia no campionato nacional da especialidade 2024.

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma sen previa solicitude de autorización.

Asinado: D. Juan Ramiro Agra Requeijo
Presidente do Comité de Salmónidos da FGPeC